

## ANUNCIO Nº8 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE 3 PRAZAS DE TECNICO/A MEDIO DE XESTION (A2) DO CONCELLO DE LUGO MEDIANTE PROMOCION INTERNA.

### RESULTADOS DO PROCESO SELECTIVO

O Tribunal do proceso selectivo de referencia na sesión de data 15.02.2023 acordou por unanimidade:

“PRIMEIRO.- Publicar os seguintes resultados definitivos do segundo exercicio - suposto práctico- do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de técnico/a medio de xestión (A2) do Concello de Lugo mediante promoción interna, unha vez realizado o acto público de apertura dos sobres cos códigos de identificación das persoas opositoras que realizaron o segundo exercicio, e unha vez realizada a revisión dos exercicios e contestadas as alegacións presentadas:

Código da persoa opositora	Cualificación do segundo exercicio (0 a 10 puntos)	Supera o exercicio (mínimo 5 puntos)	Apelidos e nome
3TMX1001	Non apto	NON	Santiago Vázquez, Julia
3TMX1002	5.06	SI	Seoane Cazón, Eva María
3TMX1003	Non apto	NON	Martínez Dablanca, Ana Isabel
3TMX1004	Non apto	NON	Pombo Gallego, Nuria

A contestación ás distintas alegacións presentadas contra o segundo exercicio da oposición notificarase ás interesadas polo secretario do Tribunal.

SEGUNDO.- Publicar as seguintes cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados para elevar ao órgano competente:

As puntuacións totais da única aspirante que aprobou os dous exercicios obrigatorios e eliminatorios da fase de oposición son as seguintes:

Apelidos e nome	Fase de Concurso de méritos	Fase de Oposición (exercicios 1º e 2º)	Coñecemento lingua galega (Celga 4)	Puntuacións totais
Seoane Cazón, Eva María	2	7.12 + 5,06	SI	14.18

A relación de aprobados no proceso selectivo de 3 prazas de técnico/a medio de xestión (A2) do Concello de Lugo mediante promoción interna para elevar ao órgano competente para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo é a seguinte:

1ª.- Eva María Seoane Cazón.

TERCEIRO.- Publicar que ao aprobar o proceso selectivo unha única aspirante quedan desertas dúas das tres prazas convocadas de técnico/a medio de xestión (A2) do Concello de Lugo.

As aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal.

*Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE  
Lugo, 17 de febreiro de 2023  
O secretario do Tribunal  
Rafael del Barrio Berbel  
Secretario xeral do Pleno do Concello de Lugo